

## A CIG-Ensino demanda a recuperación da xornada lectiva, un plan de estabilidade para o persoal interino e a regulamentación das materias afíns

*Dáse o paradoxo de que mentres o curso comezou con 428 docentes interinos menos rexistráronse numerosas queixas nos centros por falta de persoal, carencias na atención á diversidade e aulas masificadas. Ademais case un terzo das vacantes foron adxudicadas con afíns, itinerancias ou bilingües, o que fai que o persoal docente non poida desempeñar correctamente o seu traballo prexudicando claramente a algunhas especialidades. Na CIG-Ensino destacan que boa parte destes problema se solucionarían volvendo á xornada das 18 horas en Secundaria e das 21 horas en Primaria, como xa o están a facer noutras comunidades, o que permitiría incrementar os cadros de persoal docente e garantiría unha maior porcentaxe de prazas “limpas”, é dicir, de especialistas en cada materia. Así mesmo, reclámanlle á administración que aprobe un plan de estabilidade para o persoal interino de avanzada idade ou con moito tempo de experiencia e que deixe a un lado a propaganda á hora de fixar as ofertas públicas de emprego.*

Unha representación da CIG-Ensino e de profesorado afectado polos recortes de persoal neste comezo de curso concentráronse diante da Consellaría de Educación para apelar directamente ao presidente da Xunta a que remate cos recortes “e deixe de liderar a política restritiva no ensino no Estado español”. O secretario nacional da CIG-Ensino, Suso Bermello, lembrou que Galiza foi a primeira comunidade que viu incrementada a xornada lectiva

do seu profesorado, “antes incluso de que Rajoy aprobara o Real Decreto que agora pretende derrogar o Ministerio, que devolve a competencia aos gobernos autonómicos para recuperar as 18 horas semanais de docencia en Secundaria e as 21 en Primaria”. “Temos constatado na nosa campaña de recollida de sinaturas e polas asembleas nos centros que esta é unha das principais demandas do colectivo docente no noso país”, incidiu Bermello.

Esta xornada lectiva, que xa estivo en vigor até a chegada de Feijóo ao poder, permitiríalle aos e ás docentes galegas centrarse no verdadeiramente importante, a preparación das clases e os traballos de coordinación. Así mesmo, incrementaría considerabelmente os cadros de persoal nos centros que neste comezo de curso se queixan de que non poden dar resposta á oferta educativa básica nos distintos niveis, nin poñer en marcha programas de reforzo, nin desdobres, que redundan



sempre nunha mellor atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

### Estabilidade para o persoal interino

Porén, unha das cuestións que “non se entende da política educativa deste conselleiro é que se lles siga negando profesorado aos centros cando este curso hai **428 persoas menos** con contrato de interinidade que o curso pasado”, subliñou o máximo responsábel da CIG-Ensino. A situación na que quedaron boa parte dos que non obtiveron contrato de interinidade e que non aprobaron as oposicións celebradas en xuño podería paliarse de se atenderen agora as lexítimas demandas da comunidade educativa, que leva a que en centros como a ESAD de Galiza ou o IES de Brión non comezaran aínda as clases por mor das protestas do seu claustro, alumnado e familias.

Neste sentido, Bermello volveu incidir na necesidade de que a administración educativa aborde a negociación dun acordo de estabilidade que garanta que o profesorado con anos de servizos prestados ou de avanzada idade non se vexa prexudicado polas próximas ofertas de emprego. “Se nos guiamos pola propaganda do conselleiro en 2019 haberá máis de 2.000 prazas nas oposicións docentes aínda que, como sabemos, haberá que agardar para saber se de novo “inflan” as cifras como fixeron este ano coa promoción interna”, indicou. “Con todo, e ante as escasas esperanzas de que o goberno do Estado acepte ir a unha dobre vía de acceso, a CIG-Ensino seguirá reclamando que as prazas se convoquen tendo en conta o número de xubilacións de cada especialidade e que mediante

este acordo se rescate a aquel persoal que puidera quedar sen traballo tras a OPE a través dos habituais destinos provisionais que se outorgan cada curso.”

### As afíns como marca da política de recortes de profesorado.

A adxudicación de destinos provisionais dos corpos de secundaria para o curso 2018/19 foi un novo exemplo dos perfís disparatados aos que nos ten acostumados esta Consellaría.

Esta situación é responsabilidade última dos recortes de persoal de Educación, o que levou a que a inmensa maioría dos centros visen reducidos os seus efectivos nestes últimos anos e teñan que compoñer perfís que son retallos de varias especialidades. Porén, non podemos obviar que hai algúns perfís de prazas que non responden a ningún criterio lóxico e que, máis alá das carencias provocadas pola Administración, parecen estar feitos *ad hoc* para quen pida afíns tan dispares.

Neste curso **1.291 docentes de secundaria impartirán materias que non lle son propias**. Esta cifra representa máis dun 28% de todo o profesorado con destino provisional. Hai **991 docentes**



**que impartirán 1 especialidade** a maiores da súa. Mais esta cifra é enganosa xa que **136 destas compañeiras e compañeiros** terán que impartir **ámbitos dos PMAR** (Programas de Mellora da Aprendizaxe e Reforzo) en 2º e 3º da ESO ou **módulos da FP Básica**, o que implica que impartirán currículos de varias especialidades.

A situación agrávase no caso de **300 docentes que terán que aturar 2 materias afíns**, e dentro deles, **en 60 casos hai que engadirlle a impartición de ámbitos dos PMAR ou módulos da FP Básica**. Entre estas 60 prazas adxudicadas salientamos as seguintes por tratarse de combinacións cando menos “moi estrañas”:




Vacante	Afín 1	Afín 2	Módulos ou Ámbitos
Xeografía e Historia	Inglés	Lingua Galega	Mod Com. e Soc.
Lingua Castelá	Inglés	Xeografía e Historia	Mód Com. e Soc.
Tecnoloxía	Matemáticas	Física e Química	Amb Cient. Mat.
Tecnoloxía	Bioloxía e Xeoloxía	Debuxo	Amb Cient. Mat.
Economía	Inglés	Administración de Empresas	Amb. Cient. Tec
Xeografía e Historia	Filosofía	Economía	Mod. Com. e Soc
Procesos de Xestión Administrativa	Bioloxía e Xeoloxía	Tecnoloxía	Mod. Cienc. Aplic.
Bioloxía e Xeoloxía	Debuxo	Lingua Galega	Mod Cienc Aplic
Francés	Lingua Castelá	Lingua Galega	Amb lingüístico
Inglés	Lingua Castelá	Lingua Galega	Amb lingüístico
Bioloxía e Xeoloxía	FeQ	EF	Amb Cient. Mat.
Bioloxía e Xeoloxía	Matemáticas	Tecnoloxía	Amb. Cient. Mat.
Física e Química	Debuxo	Economía	Amb. Cient. Mat.
Filosofía	Lingua Castelá	Lingua Galega	Amb. Lingüist.
Grego	Lingua Castelá	Lingua Galega	Amb. Lingüist.
Latín	Educación Física	Lingua Galega	Amb. Lingüist.
Francés	Lingua Castelá	Lingua Galega	Amb. Lingüist.
Xeografía e Historia	Lingua Castelá	Lingua Galega	Amb. Lingüist.
Bioloxía e Xeoloxía	Matemáticas	Física e Química	Amb.Cient.Tec.
Economía	Matemáticas	Física e Química	Amb.Cient.Tec.
Física e Química	Matemáticas	Bioloxía e Xeoloxía	Amb.Cient.Tec.
Matemáticas	Física e Química	Debuxo	Amb.Cient.Tec.
Xeografía e Historia	Música	Educación Física	Amb.Lingüist.
Xeografía e Historia	Música	Tecnoloxía	Amb.Lingüist.

Hai especialidades que están especialmente castigadas pola Consellaría desde hai anos, arrastrando as reducións horarias de modificacións curriculares nalgúns casos e a negativa da administración a sacar prazas a concurso de traslados ou a permitir desdobres ou reducións horarias por actividades complementarias. Eliximos tres para exemplificar a situación que se produce en materias con pouca carga lectiva:

- Falamos de casos como o de **Filosofía, con 74 adxudicacións** nas que esta especialidade se usa para completar horarios. Constatamos así como **non se produce ningún cambio relevante** polo feito de que este ano se incorpore como materia de oferta obrigatoria a Hª da Filosofía en 2º de Bacharelato.
- No caso de **Música hai 49 vacantes** nas que é materia afín e **umentan os centros na zona rural**, especialmente na montaña de Lugo, **nos que non hai ningunha profesora ou profesor especialista en Música.**
- **Educación Física** tamén se ten convertido nun comodín doutras especialidades, e así temos **34 vacantes nas que figura como afín.**

### Vacantes dun corpo docente con afíns doutro corpo.

De novo volven aparecer neste curso exemplos nos que a Consellaría mestura especialidades de diferentes corpos, con especialistas de FP impartindo materias propias da ESO e vicerversa.



Vacante	Afín mesmo corpo	Afín doutro corpo docente
Música (PES)	Tecnoloxía	Técnicas e Procedementos de Imaxe e son (PTFP)
Administración de Empresas (PES)	Lingua Castelá	Produción téxtil e tratamentos Físico Químicos
Equipos Electrónicos (PTFP)	Inglés	Tecnoloxía
Equipos Electrónicos (PTFP)	Economía	Tecnoloxía
Instalacións Electrotécnicas (PTFP)	Inglés	Tecnoloxía
Técnicas e Procedementos de Imaxe e son (PTFP)	Educación Física	Tecnoloxía



### Moitas afíns e moita provisionalidade

Xa denunciámos en reiteradas ocasións que a Consellaría ten que pór fin á situación que vivimos en moitas especialidades nas que o profesorado leva anos e anos sen poder acadar destino definitivo ou cando chega a el sen oferta de prazas para poder trasladarse de novo. É un problema que a CIG-EnsinO xa ten detectado e trasladado á Consellaría. Case todos os Centros Integrados de Formación Profesional teñen entre 30 e 50 docentes con destino provisional e son moitos os IES con 15 ou 20 prazas provisionais, chegando mesmo a superar os 30 nalgúns casos.

Hai centros nos que se ofertaron dez vacantes e todas elas con dúas afíns. É frecuente que nun mesmo centro varias das prazas saian cunha mesma especialidade afín (4 no mesmo centro con Tecnoloxía como afín, con Debuxo, con Física e Química 5 prazas con Inglés como afín...)

É certo que o curso pasado, logo dun informe detallado que desde a CIG lle trasladamos á Subdirección Xeral, houbo un incremento importante de prazas no CXT, así como tamén o é que o propio Subdirector se comprometeu na Mesa Sectorial a negociar nos Servizos Centrais as vacantes para o próximo concurso e amosou

receptividade ás propostas da CIG-EnsinO. Mais de nada servirán as boas palabras se non se acompañan de feitos.

No sindicato faremos, como en anos anteriores, un traballo exhaustivo para desbloquear a oferta de vacantes e rematar con esa realidade de centros que teñen demasiado profesorado con destino provisional. O noso obxectivo foi e seguirá a ser que ninguén permaneza mais de dous anos cun destino provisional.

## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasertería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal